



CCOO

INFORMA

CONCURSO ESPECÍFICO ENFERMERÍA ESPECIALISTA EN FAMILIAR E COMUNITARIA

No DOG de hoxe 7 de xullo publícase un anuncio do SERGAS en relación coa **próxima convocatoria do concurso específico de persoal enfermeiro especialista en familiar e comunitaria**.

Indícanse como requisitos:

- Ter a **condición de persoal estatutario fixo** como Diplomado ou Graduado Universitario en Enfermería **con destino definitivo no centro en que se oferta a praza**.
- **Estar en posesión da titulación de especialista** en enfermmería familiar e comunitaria.

Ábrese un novo **periodo de acreditación da titulación ata o 31.07.2026 (incluído)**. Todas as actualizacións no FIDES posteriores a devantida data non serán tidas en conta no momento de determinar o número e localización das prazas a ofertar.

No FIDES dos profesionais **deberá constar rexistrado o título oficial de especialista**. O certificado de aptitude (a resolución oficial que publica a listaxe de persoas aprobadas) non se considerará válido para os efectos de poder participar no proceso.

7 de xullo do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>



Páxina Web: sanidad.ccoo.es/galicia



Facebook: facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia



Instagram: [@ccoosanidadegalicia](https://instagram.com/ccoosanidadegalicia)



X (Twitter): [@cccoofssgalicia](https://twitter.com/cccoofssgalicia)